


HERACLIO PEREZ PLACER.




CANTARES PREMEADOS

n-o

CERTAME D<sup>o</sup> OURENSE

PRECIO: 50 céntimos de peseta.

Librería de JOSÉ GALL, Rua del Villar 46,  
SANTIAGO.



Imp. de Alende, Toral 3.

F-14809


Cou-98


0500  
200  
1

Setembro 99

2.300

JOSE GALI, EDITOR.





HERACLIO.

PEREZ PLACER.

GANZARES

PREMIADOS.



JOSÉ GALI — SANTIAGO.



R 26 272

Compta. Ser. 99

UNIVERSITY OF TORONTO LIBRARY  
SERIES 99

HERACLIO P. PLACER.

---

## CANTARES

*premiados con accésit no certámen literario  
do 87 celebrado en Ourens.*



SANTIAGO.

Imp. de JESÚS L. ALENDE, Toral 3.

1887.

RECEIVED BY THE SECRETARY OF THE

CANTARES

RECEIVED BY THE SECRETARY OF THE



RECEIVED BY THE SECRETARY OF THE



---

## CANTARES.

---

LEMA:

*O cantar d'o galleguíño  
e cantar que nunca acaba  
empeza c'o taitalala  
y-acaba c'o lailalala.....*

Eu non sei ó que che ten,  
d'os gallegos ó cantar,  
que fanme sempre qu' os ouzo  
as vagullas asomar.

Anqu' a Virxe por si sola  
non fose dina d' amor,  
bastaba que fose nai  
pra tela n-o curaz'ín,

Entr' os craves d'os teus beizos,  
fix' un reisiñor ó niño,  
e cando canta hastr' os ánxes  
quédanse parbos d' oubilo.

D' azuceas e rosas  
xuntas n' un ramo,  
os teus beizos y a cara  
sonch' un retrato.

Follas que se can d'os álbores  
non volven reverdecer;  
mociña que perd' o creto,  
non-o volve á recoller.

As estrelas d' o ceo  
son muy bonitas,  
pro son mais d'os teus ollos,  
as duas meniñas.

Os politecos d' agora,  
prometen moit' o pais,  
y-o ter á barriga chea.  
xa non s'acordan mais d' il.

Cand' os cregos confesan  
non sei que diaños,  
poden ter as mulleres,  
nin que pecados,  
pois sempre vexo;  
que perdend' os côres  
vanse correndo

Si pra falar d'as mulleres,  
un s' acordase d'as nais,  
non había home n-o mundo  
que d'elas falase mal.

Teño n-o meu corredor  
unha cachela d' albahaca,  
y-á ti, mociño garrido,  
téñote dentro d'a yalma.

Todo-os cregos d' aldea  
encargan á cama forte;  
segun din as malas lingoas  
pra resistir carga dobre.

Rapaciña qu' as noites  
vas á fiada;  
ten coidado c' os mozos  
ô vir pr' a casa.

Vânse os gallegos pr' a Habana  
c'ô allo de virse ricos,  
y-en tanto morren co-a fame  
á mullerciña y-os fillos.

As palabriñas d'os homes  
todæs che son por un xeito;  
despois que cómpren ó gusto.  
de si te vin non me lembro.

Os cregos y-os taberneiros  
téñen moita somellanza,  
que bautizo trás bautizo  
á mèta d'a vida pasan.

A min gustanm'as ribeiras  
d'o rio, porque se ven.....  
as pernas d'as labandeiras.

Anduriñas que voandes  
por eses aires, airiños,  
levándell'a miña nena,  
levándell'os meus sospiros

Ela ensinoume ó buraco,  
eu fun correndo c'un guizo,  
furgamol'os dous á un tempo  
y'o cabo saíu ó grilo.

Si ti pensas que m' acordo  
d' aqueles tempos pasados,  
afé que estás enganada  
que xa ch'os teño olvidados.

Son teus roxos cabelos  
d'o Sol rayolas,  
que pol'a espald' a presas  
cayénche soltas.

Ti tes ó diaño n-o corpo  
ou ti quéresme tentar,  
canto mais fuxo de ti  
mais te ves á rechegar.

Din os cregos qu'a pobreza  
leva en direitura ó ceo  
pouco ll'es debe importar  
cando gardan ó diñeiro.

Quen che me dera voar  
como voan os paxáros,

sempre que tendes' as âs  
iríame pr'o teu lado.

Caíuselle á Diós d'a mau  
unha presa de froliñas  
por eso as mozas gallegas  
tod'as che son tan bonitas.

Un cadro de venturanza  
era ter á nai ó lado,  
os dous moy xuntos xuntiños,  
y-os fillos diante brincando.

Dixeches que me querías  
e que de min t' acordabas  
si mais pronto m'o dixeras  
mais pronto ti m' olvidaras.

A madre—selva tende  
débiles brazos,  
y-os carballós s'anuda  
con forte lazo;  
de ese modo t' apreixo,  
meu ben querido,  
co-as barazas mais fortes  
d'o meu cariño.

Trás á cara tod' encheita  
parece que con fariña,  
¡Moito lle gustan os polvos  
as mulleres d'hox' en día!

Ruliña d'os meus amores  
nunca te pod' olvidar,  
que nu'n rincón d'o meu peito  
ténoche feito un altar.

Cand' as mulleres son mozas  
pensan n-o novio ó deitarse,  
e cando xa van pr' a vellas  
soilo pensan en catarse.

Tes dous luceiros por ollos,  
tes os beizos de coral,  
á noite tes por cabelos,  
y'un reisiñor por falar.

Topámonos nu'n camiño  
certa mañanciña cedo;  
cantas palabras me diches  
total'as levon ó vento.

A mellor dicha d'o ceo  
(si e certo que ceo hay)  
e ó estar sempre seguro  
de non perder á sua nai.

As rapaciñas d'o Ulla  
tran ó descubert' as pernas,  
pois dicen qu' as cousas boas  
fixoas ó Señor pra velas.

Son teus dente xasmis  
rosas teus beizos.

teu alento e'a brisa  
qu' esparce os cheiros,

Andivemos eu é Xuana  
os borcallos n-o lameiro;  
cando cu miraba pra baixo  
éla miraba pr' o Ceo.

O primeiro mandamento,  
amar á Diós sobre todo,  
non he malo, si se aprica,  
soliño pr' os que son hortos.

Vaiche boa, vaiche boa,  
vaiche c'o crego n-a misa,  
moza que lle sabe ó novio  
de que color ten é liga.

Din qu' o can que moito ladra  
pol'o regular non morde;  
home de moitas palabras  
o que ofrece nunca compre.

Válga o diaño Pepa,  
canto te quero,  
cada vez que t' alcontro  
de ti me lembro.

O noso amor non podía  
por moito tempo durar,  
eu er' a frol é ti ó vento  
qu' a viñches desfollar.



As sardiñas escochadas  
son boas pr'a quen as queira  
pois Xuana di non lle gustan  
cousas que esten sin cabeza.

Son os teus dentes de nacre  
y-os teus beizos de coral,  
mais si tes a y-alma fea  
o corpo nada che val.

Home que non ten tristuras  
cando chora unha muller,  
cu non conoceu sua nai  
ou non-á soupo querer.

Tanto te quero Galicia,  
Galicia tanto te quero,  
y-e tan grand' o meu cariño  
que hasta de min teño celos.

Son tuas cexas en arco  
portas d'o ceo,  
quen me dera meniña  
ser o porteiro.

Fun cocel' o pan ó forno  
é topeime c'o forneiro;  
d'as nosas brincas saiu  
en vez de pan, un pequeno.

Si me separan d'a nai  
para levarme pr' o Ceo,



por estar á sua veiriña  
quero mellor ir ó inferno.

A Cánovas n'unha nádega,  
saiull' un grao d'os malignos,  
segun din onde o bicou,  
ó alcalde d'o Carballiño.

As rapazas d'a Coruña  
din que teñen moita sal  
no he estraño qu' o fin  
non teñen lexos á mar.

Cando se fan as partixas  
eu non sei que pode haber,  
que anque se queiran e queiran  
nunca os hirmans quedan ven.

Cando che iba pr' o monte  
engarrábame n-as silvas,  
agora quedeiche preso  
d'os teus ollos n-as miniñas.

Ti me deixaches por outra  
pode ser que ven che pese,  
que muller que queira ven  
non che s' atopa duas veces.

Filla, dime que non chore  
hoxe, que te vas casar,  
non ves que me volves sogra  
e sacasme de ser nai.

Unha pastora durmíuse  
y'escapáronsell' as cabras,  
non he estrano quo á min  
desperto é todo m' escapan.

Heiche de dar un crabel  
qu' e nado n'a miña horta,  
y-envolto n-as follas d' il  
vaiche o curazón da dona.

Ourensiño, meu Ourense,  
Ourense, cibdá de froles,  
pr'a te cantar foran pouco,  
gorxeos de reisiñoles.

Campaniñas. campaniñas;  
cando vos sinto tocar;  
non sei que tendes n-a fala  
que me facendes chorar.

Casa qu' está sin tellado,  
meniña qu' está sin honra,  
e predicar en deserto  
venche ser á mesma cousa.

Os rapaciños d' agora  
nacen todos ensinados,  
pr'o malas xuncras ch' os leven  
que nacen pr'a tod' o malo.

Cando mataron á Cristo  
tod'o mundo d' il fuxira,

solo chorand' os seus pes  
esmorecía á naiciña.

Cada ves que te vexo,  
cara de corno,  
ó meu gusto sería  
mallarch' o lombo.

Fun a feira d' Amoeiro  
á mercar un borriquiño,  
e trouxen unha muller  
que venine servir pr' o mesmo.

As costureiras d' agora  
gastan moito polisón,  
y en cambeo tran á camisa  
toda feitiña un xirón.

As cabezas d'os vellos  
sonche de prata,  
os qu' as pintan de negro  
vólvenas falsas.

Ti deixáchesme por outra  
y eu por outro te deixei,  
non veñas con monadiñas,  
qu' agora xa t' olvidei.

Valgach' o demo as mulleres  
ó qu' elas n'os fan sufrir  
pro dempois cando elas choren  
nos hémonos de reír.

Si lle das un bico òn home  
muy pronto ch' ha de pesar,  
qu' as rosas d' as tuas meixelas  
loguíño se muscharán.

Son teus ollos dous lostregos  
qu' a sangue me fan arder,  
ou non me mires co-eles  
ou déixateme querer.

Son teus ollos azúes  
cal fror d' o liño  
que d' amores pormeten  
un paradíso.

Os que manexan as trécolas  
d' o Goberno ¡vaiche boa!  
cómenche á bola de trigo  
y-ô país déixanlle a broa.

Probes naiciñas d' a yalma  
que crian os seus filliños,  
e dempois quedan sin eles  
cando lle marchan de quintos.

Non furtes creto á ninguen  
que ti libre non estás,  
e si ch' o furtan á ti,  
moito non che ha de gustar.

Porque m' onzaches cantar  
dixeches qu' era felis,

cantas veces un, meniño,  
morto de pena se rí.

Eu non sei en que consiste  
cando dous se van casar,  
qu' o mozo cuase que baila  
y' ela tristeiriña vai.

Si non che gusta ir detrás  
d' a rapaciña á quen queres,  
ponte tí per diante d' ela  
e cambearánse os papeles.

Hay dous luceiros n-o ceo  
á quen sempre estou mirando,  
porque os teus ollos meniña  
estanme os dous recordando.

Rapaciña qu' o monte  
vas co-a facenda,  
anque vexas ó lobo  
non tomes pena;  
pr'o si e un mozo,  
pra casiña correndo  
fúxete logo.

Foi quitar ó San Benito  
unha moza ó tangaraño,  
y-un rapaciño quitouullo  
antes de chegar ó santo

Entr' as poliñas d' un árbore

aniñou un paxariño,  
¡quen aniñare poidera  
n-as rosas d'os teus beiciños.

As panadeiras de Cea  
bótanll' o pan moita sal  
pra que digan ô comelo  
que teñen as maus salás.

O galo tras d'as galiñas  
anda sempre dando voltas,  
así che andan os homes  
tras d'as rapaciñas boas.

Estáte quedo, meniño,  
non me veñas atentar,  
cando non-os vex' a xente  
enton podremos brincar.

Cando xove son os ánxeles  
que mandan d'os ceos auga,  
as finas pelras d'orballo  
d'os teus olliños son vágoas.

Dicen qu' as manchas d'as moras  
con outras verdes se quitan,  
si che quitaron á honra  
non volves adequirila.

Pra pasar ó outro lado  
metin as pernas n-o rio,



nunca tal outra fixera  
que m' as viu un rapaciño.

Xa sei que non son bonita  
pr'o non me da pena eso,  
pois din que teñen mais'gracia  
todol'os que son mais feos.

Din que á terra pr'a ser boa  
ha de ser ven moreniña;  
heina de buscar morena  
cando busque rapaciña.

Andan teus pececiños  
con lixeireza,  
son dous nenos travesos  
que xuguetean.

Cando toquen as campás  
non preguntes por quen he  
vai rezar ó campo-santo  
qu' ali enterrado estarei.

Rapaza que vas á vila  
ten coidado n-o camiño,  
non te veñas descoidada  
é te pille un señorito.

Cal á niebra que rube  
pol'a montana,  
é tembrorosa axita  
frotante gasa,

si te maneas;  
c'ó teu andar lixeiro  
niebra somellas.

As pingotiñas d' orballo  
cando can riba d' as froles,  
parés que son as vagullas  
que botan os reisiñores.

Por causa d' unha rapasa  
matouse un home,  
y-ela esta casadiña  
con outro hoxe.

Os galleguños d' agora  
xa non bailan á muñeira,  
vânse esquecendo x' os usos  
todiños d' a nosa terra.

Son teus negros cabelos  
da noite tréboas  
qu' ô redor d' a tua cara  
quedaron presas.

Fillos que d' os pais renegan  
non poden vos fillos ser;  
gallego que neg' a pátria  
¿que vos parece qui ê?

O Riveiro pra bo viño,  
pra lacós os de Boente,



é pra boas rapaciñas,  
xa non hay com'as d' Ourense.

Cal á fror d'o granado,  
rox' os teus lábeos,  
que somella que encintan  
nena á bicalos,  
un bico solo;  
é verásme ás tuas prantas  
tenro, amoroso.

Teño no peito duas cousas  
que non pode naide ter;  
unha muller á quen amo  
y-un amigo á quen querer.

Díxolle Xuana ó seu nevio  
topeiche un nido de merlos  
qu' inda debe andar poñendo  
pois solo tiña dous güebos.

Teño n-a yalma neve,  
n-o peito fogo,  
y'entre os dous pelexando  
vólvenme tolo.

Valgach' o demo á Cassola  
e que bós prás el non fixo  
sacarll' o pan os mais probes  
e regalarll' os mais ricos.

Todos ó nacer choramos

y-algús rinse cando morren:  
¿si será que á morte e vida  
é qu' esta vida é á morte?

Non te metas n'a xusticia  
porque vas perder ó preito,  
que ti ven sabes. mociño,  
que á min cábeme dereito.

A muller é un ánxel,  
ó home ó demo,  
e tentando un á outro  
pasan ó tempo.

Dunha nai á unha madrasta  
hay o que de Diós o demo  
e'oa primeira e estar n-a gloria  
e e'oa segunda n'ó inferno.

Si un home y-unha muller  
fixeron algun pecado  
¿porque lle dar á el' a culpa  
si e delito d' entrambos?

Neniña, fermosa nena,  
ten coidado e' o que fas,  
que dempois qu' o teñas feito  
non-o podrás remediar.

Cando se foi confesar  
díxolle Marica ô crego:

«os meus pecados, señor,  
partirémol-os ô medio.»

As mozas de Ribadavia  
gústanlle moit' os pelexos,  
pro non é soilo por eles  
silon pol-o que tran dentro.

Dixome o crego que rece  
si quero ganar o ceo.  
Si tes o ceo n-os ollos  
¿pra que xuncras val o rezo?

Non te metas en faguer  
cousas que non necesitas,  
non lle furtes creto á naide  
qu' é cousa qae non precisas.

Cando cravaron á Cristo  
cada golpe que soaba  
d'ô curazón d'a naiciña  
freba por freba arrincaban.

Díxolle á ama o criado  
que ven cargado c' un cesto  
—non o deixes ahí á porta  
é mètemo mais á dentro.

Non hay mais verdá n-o mndo  
qu' o cariño d' unha nai,  
ó demais de canto existe  
todo ven ser falsedá.

¡Ay, señores d'o xurado  
señores de moita sona  
si se portan ven connigo  
heilles tocar.... á zanfona!

### Parrafeo d' aldea (1).

- Boenos dias nos dé Diós  
moza del dengue encarnado.  
—Téngalos usté muy boenos,  
mozo del sombrero branco.  
—¿A donde tan cedo vá  
sueliña n-estés carreiros?  
—Voim' á recadar el gando  
qu' anda pacendo en el eido.  
—¡Quién me dera el gando ser  
para andar sempre á su lado!  
—Válgat' o demo d' o mozo,  
non che tiña mal traballo.  
—No le tenjo por tal cousa,  
que fora ganar el ceo.  
—¡O ceo e' unha rapaza!  
¡Vaiche n-a misa e' o crego!  
—El crego si usté quixera

---

(1) A composición que sigue os cantares titulada «Parrafeo d' aldea» pomol'a pra qu' os señores d'o xurado teñan unha mostra de como solen ser esa especie de copras ou diálogos con que os mozos fan as suas conversas, n-as festas e n-as ruadas. O darlle cabida entr' os cantares e porque os cegos, solen cantalos con certo tono particular y-a veces hasta os mesmos mozos solenas decir cantadas.

A porsente solo e unha lixeira mostra n-a que falta por compreto á gracia y-os maliciosos chistes que teñen n-a boca d'os nosos peisanos.

no s podía faguer falta

—Ay, fariáll' a vosté  
qu' á min non m' a fai pra nada.

—Las mozas que son bonitas  
muy dura tieñen la yalma.

—Log' a miña é de manteiga  
porque son mala rapaza.

—Non diga vosté tal cosa  
que ben sabe non é cierto.

—Vaya c' o diaño d' o mozo  
que ch' está ben cumprideiro.

—A la prueba me arremito  
mirando pra su caris.

—O meu carís non ten nada  
prá mirar vosté pra il.

—Tien dos luceros por ollos  
y-un xilgaro por falar.

—Non che ven con malas cousas;  
tén ganas de parolar.

—Esa boquiña de grana  
ten por dentes pelras finas.

—Márchese deiqui correndo  
non me veña con pamplinas.

—Pra qu' m' eu marche d' eiquí  
tenme que dar unha cousa.

—Eu non sei que cousa é esa  
que poida dar unha moza.

—Si vostè non quere darma  
ven m' a podía emprestar...

—Non pense que son ovella

porque lle vista de lá.

—Non crea qu' é cousa mala  
que moita ofensa me fai.

—Pois diga log' o que quere  
pra dempois poder falar.

—Quero esa poula d' albaca  
que prantada esta n-o peito.

—Si non quere mais, dareilla  
xa ten o gusto cumpreito.

—Páguell' a Virxe, mociña,  
a legría que me dá.

—Estése quieto co-as maus,  
contentese con falar.

—Cando estou veira d' as rosas  
sempre m'as gusta coller.

—Téñenlle moitas espiñas  
e pesaralle tal uez...

—Vaite, vaite, co-a mociña,  
co-a d' o denguiño encarnado.

—Non meta as maus en ningures  
o que non-o tent' o diaño.

—O diaño qu' á min m' atenta  
á miña veira ch' está.

—Pois non s' arrechegue tanto  
que se pode requemar.

—Anque me queime c-os ollos,  
n-a sua cara hei refrescar.

—Non chegue sua car' á miña  
e marche qu' é tarde xa...


—Quédate con Dios rapaza,  
e non andes n-os carreiros,  
que si se vai a facenda



vaiche destrozar o eido.  
—Vaite co-a Virxe, mociño,  
qu' a facenda eu gardarei,  
pois anque ti non m'o digas  
boa contiña me tén.



THE UNIVERSITY OF CHICAGO  
LIBRARY  
540 EAST 57TH STREET  
CHICAGO, ILL. 60637





# Jurado del Certámen.



PRESIDENTE:

D.<sup>a</sup> Emilia Pardo Bazan.


SECRETARIO:


D. Arturo Vazquez.

VOCALES:

D. Valentin Lamas Carvajal.

- » Jesús Muruais.
- » Juan Sieiro González.
- » Marcelo Macias.
- » J. M. Paz.
- » J. Artiaga.





## ÚLTIMA NOVEDAD.

---

Noventa y nueve céntimos de versos de todas clases y arreglados á todos los gustos, por un tal Enrique Labarta Pose.

¿Quién pensó que á tal llegara  
De Apolo el arte divino,  
Que un poeta lo anunciara:  
Así... cual si se tratara  
De un género *ultramarino*?

---

**PRECIO: ¡UNA PESETA MENOS UN CÉNTIMO!**

---

Esta original obra, hállase de venta en la librería de Galí, Rua del Villar 46 Santiago.

---

## ESPAÑA

*Sus monumentos y Artes su naturaleza é historia obra escrita por Pi Ferrer Pi y Margall Cuadrado Murguía y otros notables escritores, con un prólogo del Excelentísimo Sr. D. Antonio Cánovas del Castillo. Adornada con profusión de grabados y cromos de indiscutible mérito. 100 páginas una peseta, pídanse prospectos.*

REAL ACADEMIA  
GALEGA

A CORUÑA

F 14809

Biblioteca